



ASUNTO: Suspensión das regras fiscais

O Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020, seguindo as directrices das autoridades comunitarias, acordou suspender as regras fiscais en 2020 e 2021 e solicitou ao Congreso dos Deputados a apreciación de que en España estamos sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución e no artigo 11.3 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF).

Esta declaración foi aprobada polo Congreso o pasado 20 de outubro de 2020 e como consecuencia da mesma informámoslle do seguinte:

1. En relación cos plans económico financeiros (PEF) e acordos de non dispoñibilidade de créditos (AND) aprobados ou pendentes de aprobar:

- Queda sen efecto a obriga de aprobación dun PEF 2020-2021 como consecuencia dos incumprimentos derivados da liquidación do exercicio 2019.
- Quedan sen efecto os PEF aprobados para os períodos 2019-2020 e 2020-2021, sen que sexa necesario acordo do pleno da corporación. Non será necesario realizar os informes de seguimento, nin serán aplicables as medidas coercitivas e de cumprimento forzoso dos artigos 25 e 26 da LOEOSF.
- Os AND adoptados polos incumprimentos derivados da liquidación de 2019, ou como medidas dun PEF en vigor, poderán ser revocados previo acordo do pleno da entidade.
- Queda sen efecto a obriga de aprobar un PEF como consecuencia dos incumprimentos derivados das liquidacións orzamentarias de 2020 e 2021.

2. En relación co destino do superávit orzamentario:

Non será de aplicación nin o artigo 32 LOEOSF, nin á súa disposición adicional 6ª, en relación co destino do superávit orzamentario dos exercicios 2019, 2020 e 2021.

Porén, a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión das obrigas que teñen as administracións públicas en canto a loita contra a morosidade comercial e o cumprimento dos prazos de pagamento, polo que, antes de destinar o superávit ou o remanente de tesourería para gastos xerais a outros fins, deberían atenderse





as obrigas da conta 413 e equivalentes, e o resto de obrigas pendentes de pagamento con provedores.

3. En relación coas operacións de endebedamento:

Continúa vixente o réxime legal establecido na disposición final 31ª da Lei 17/2012, de orzamentos xerais do Estado para 2013, e no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como o artigo 20.2 da LOEOSF para as entidades do ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do citado texto refundido.

4. A suspensión das regras fiscais non implica renunciar á prudencia e responsabilidade na xestión financeira e, polo tanto, continúan tamén vixentes as seguintes obrigas:

- As relativas ao cumprimento do período medio de pagamento.
- As de transparencia previstas na LOEOSF e normas de desenvolvemento.
- A de avaliar a capacidade/necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional no orzamento, na súa execución e na súa liquidación.
- A responsabilidade fiscal e a aplicación do principio de prudencia financeira na estimación dos ingresos e gastos para elaborar os orzamentos.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

David Cabañó Fernández

